

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 21 DE ABRIL DE 2008.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **VINTEUN DE ABRIL DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señor tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **D<sup>a</sup> MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e **D<sup>o</sup> GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**3º.- CONTRATACIÓN.-**

**4º.- SUBVENCÍONS.-**

**5º.- URBANISMO.-**

**6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**7º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-las actas correspondentes ás sesións do 22 e 29 de febreiro, 10 e 14 de marzo de 2008.

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2.1.-** Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, remitindo acordo da Xunta de Goberno Local da sesión do 27 de febreiro de 2008, mediante o cal se aproban as bases reguladoras do programa "Contacto coa Natureza 2008", destinado a mocidade de 1º de Bacharelato dos Centro Públicos de Ensinanza Secundaria da provincia, que consiste en pasar

cinco días en hospedaxe rural en réxime de pensión completa, disfrutando de actividades deportivas e de lecer (sendeirismo, acampadas, obradoiros de natureza,...), co fin de fomentar o compañerismo e convivencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar a aceptación das bases e adhesión deste Concello ó programa "Contacto coa Natureza 2008".

**2.2.-** Escrito da Mesa pola Normalización Lingüística, Rexistro de Entrada nº 1758, de data 09 de abril de 2008, comunicando que o domingo 18 de maio, un día despois da celebración do Día das Letras, terá lugar unha manifestación baixo o lema "Polo dereito a vivirmos en galego", que partirá ás 12 horas da Alameda de Santiago de Compostela e finalizará na praza da Quintana.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.3.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 1578, de data 02 de abril de 2008, remitindo denuncia ambiental, expediente MA961A 2007/000857-4, contra Dº Francisco Javier Salgueiro Nercellas, por non xustificar posuir licenza municipal para a actividade sita no lugar de Castro, nº 2, parroquia de Breixa (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica para que informe sobre a existencia desta Licencia Municipal e se remita o mesmo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

**2.4.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 1702, de data 08 de abril de 2008, remitindo denuncia presentada pola patrulla do seprona de Lalín, por infracción cualificada como leve no artigo 20 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de animais domésticos e salvaxes en cautividade, por abandono de can no lugar de Vilanova (Silleda), por parte da denunciada Dª Margarete Veigas Venture, con domicilio no Concello de A Estrada..

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que iniciados os trámites pertinentes para determinar a existencia de abandono, non foi posible localizar o can e, segundo declaración dos veciños, este non está nas inmediacións da parroquia.

**2.5.-** Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra-Recursos Humanos e Formación, Rexistro de Entrada nº 1698, de data 08 de abril de 2008, remitindo resolución da Presidencia pola que se autoriza a contratación laboral por obra ou servizo determinado de dous traballadores a xornada completa, e por un período de cinco meses, para "Adecantamento e pintura dos locais sociais, centros culturais e marquesinas do Concello de Silleda".

A Xunta de Goberno Local, queda enterada deste escrito.

**2.6.-** Escrito da UTE Docarbo, Rexistro de Entrada nº 1713, de data 08 de abril de

2008, comunicando que se están comenzando os traballos de construción do tablero do Viaducto de Os Besteiros, o cal cruza a estrada de Romanín a Aguacae. Asimesmo comunican que a autocimbra pasará por riba da estrada, para o cal tomáronse as medidas de seguridade necesarias, comprobando as distancias de seguridade, e no momento de movemento da autocimbra colocaranse sinalistas para controlar o paso de vehículos.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.7.-** Escrito da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 1655, de data 07 de abril de 2008, remitindo información sobre a configuración dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) que van a levar a cabo os programas Leader de Galiza 2007-2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado deste escrito o Concelleiro de Medio Rural.

**2.8.-** Escrito de Dº David Puga García, Rexistro de Entrada nº 1672, de data 07 de abril de 2008, solicitando a transferencia da titularidade da licenza municipal de autoturismo clase B, nº 4, a cal figura a nome de Dº Elias Vicente Otero Coego, que seguirá prestando o servizo co vehículo matrícula 2591-DSB.

A Xunta de Goberno Local, vistos os antecedentes que obran no expediente, e de conformidade co disposto no regulamento nacional dos servizos urbáns e interurbáns e transporte de automóbiles lixeiros, aprobado polo Real Decreto 763/79, por unanimidade acorda:

1º.- Autorizar a transmisión da licenza municipal de autoturismo clase B, nº 4, a favor de Dº David Puga García, con D.N.I. nº 44.833.862-P, o cal prestará o servizo co vehículo marca Renault, modelo Laguna, matrícula 2591-DSB, previo pago da taxa correspondente.

2º.- Expedir o permiso local de conductor a favor de Dº David Puga García.

**2.9.-** Escrito de Dº José Luis Rivas Ramos, en calidade de Presidente da Asociación de Empresarios do Polígono Área 33 de Silleda, Rexistro de Entrada nº 1879, de data 15 de abril de 2008, reiterando peticións en relación coas obras da segunda fase do Polígono de Silleda como un plan de actuación para o aglomerado da saída do polígono hacia Vilar así coma o dar saída a estrada de Vilar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó solicitante:

1º.- Que a data de hoxe foi remitida a Xestur a cesión dos terreos necesarios para posibilitar a realización da saída do Polígono hacia a estrada de Vilar.

2º.- Que foi solicitado ó Xerente de Xestur o aglomerado da saída do Polígono hacia Vilar.

**2.10.-** Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 1839, de data

14 de abril de 2008, remitindo denuncia ambiental nº 2008-101219-00000093, contra Dº Clemente Cibreiro Rey por abandono do vehículo marca Ford, modelo Escort, matrícula 6420-BBG no lugar de Bazar, parroquia de Abades (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Dº Clemente Cibreiro Rey para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo.

**2.11.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 1828, de data 14 de abril de 2008, remitindo informe emitido a través da Consultoría Adantia S.L.-ATC, S.A. sobre as instalacións da EDAR de Silleda, explotada por Espina & Delfín S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada e dar traslado deste informe á concesionaria, Espina y Delfín S.L., para que proceda a correxir os defectos sinalados no mencionado informe.

**2.12.-** Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 1865, de data 14 de abril 2008, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de marzo de 2008 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Frade Jalda Juan Manuel	Rúa de Morón, s/n-Portal 2-2F (Silleda)
Pardo Beis María Josefa	Rúa da Feira, 3-2B (Silleda)
Taboada Fernández Javier	Rúa Venezuela, 59-3A (Silleda)
Da Torre Otero Pablo	Rúa de Morón, s/n-Portal 1-4C (Silleda)
Ouzande Fariña José Luis	Rúa PPO, 19-1ºB (Bandeira)
Const. Agustín Chaira S.L.	Rúa San Isidro, 7 - Obra (Silleda)
López Vidal Cristina	Políg. Área-33-Nave 43-Parc. H (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado destas solicitudes ó Fontanero Municipal para seu informe, o cal será elevado a esta Xunta de Goberno Local para súa aprobación se procede.

**2.13.-** Dase conta da proposta presentada pola Ecobrigada do IES “Pintor Colmeiro” de Silleda, para promover o uso da bicicleta no Concello de Silleda que téñ como obxectivos entre outros promover o uso seguro da bicicleta como medio de transporte, habilitar espazos para o tránsito de bicicletas, reducir a emisión de CO2 así como o ruído e a contaminación na vila, etc.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acepta-la proposta presentada e prestar a colaboración necesaria para a realización desta iniciativa.

**2.14.-** Escrito de Dª Silvia Rosende González, Rexistro de Entrada nº 1778, de data 10 de abril de 2008, solicitando acceso ó arquivo municipal para consulta de documentos

históricos, en concreto libros de correspondencia dos ano 1858-1910, coa finalidade de realización dunha investigación académica conducente ao título de Master en Historia Contemporánea.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o solicitado.

### **3º.- CONTRATACIÓN.-**

**3.1.-** Vista a necesidade de proceder a la instalación dunha alarma no CEIP de Bandeira, solicitáronse orzamentos a SYS Galaica S.L. e Securitas Direct España S.A..

Visto que de conformidade co previsto no artigo 121 do TRLCAP, trátase dun contrato menor, o ter unha contía inferior a 30.050,61 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e sobre a base do artigo anteriormente mencionado, acorda:

1º.- Adxudicar a instalación dunha alarma no CEIP de Bandeira á empresa SYS Galaica, S.L., polo importe de 1.444,50 € (IVA incluído)

2º.- Dispensar á mesma da constitución de garantía definitiva, en concordancia co artigo 56 do TRLCAP, por tratarse dun contrato menor, no que a presentación da factura reglamentariamente emitida conclúe o expediente de adxudicación.

3º.- Aprobar o gasto con cargo os orzamentos municipais.

### **3.2.- “Modificado da Biblioteca, Local Social de Xestoso e outros Servizos” - PAM 06-08.**

Vista a necesidade de proceder á contratación da obra denominada “Modificado da Biblioteca Local Social de Xestoso e outros servizos”, a Deputación Provincial de Pontevedra concedeu a este Concello unha subvención polo importe de 76.577,01 €, con cargo ó programa PAM 2006-08, co obxecto de proceder á adquisición dunha parcela propiedade do Obispado, sita na parroquia de Xestoso polo importe de 70.620,00 €, e de executar obras polo importe de 5.957,01 €.

De conformidade co previsto no artigo 121 do TRLCAP, trátase dun contrato menor de obra, o ter unha contía inferior a 30.050,61 €.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar, de conformidade co artigo 56 do Real Decreto Legislativo 2/200, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley de Contratos das Administracións Públicas, á empresa Construcciones Míguez Xestoso S.L., con número de CIF B36236685, e domicilio social en Xestoso número 20 (Silleda), o contrato de obra de “Modificado de la biblioteca, Local Social de Xestoso y otros Servicios”, do PAM 06-08, por un importe total

de cinco mil novecientos cincuenta e sete euros con un céntimo (5.957,01 euros)

2º.- Autorizar o gasto correspondente á adxudicación do contrato de obra de “Modificado de la biblioteca, Local Social de Xestoso y otros Servicios”, con cargo a partida correspondente do vixente Presuposto Municipal, xa que o importe do mesmo non supera a cantidade establecida no artigo 121 do TRLCAP.

3º.- Dispensar o adxudicatario da constitución de garantía definitiva, en conxordancia co artigo 56 do TRLCAP, por tratarse dun contrato menor, no que a presentación da factura reglamentariamente emitida conclúe o expediente de adxudicación.

5º.- O prazo no que deben executarse as obras será de dez días. Establecese para o contrato de obras un prazo de garantía dun ano desde a recepción das mesmas.

6º. - Dar conta da presente ó Pleno na seguinte sesión que se celebre.

### **3.3.- “Adquisición de vehículos industriais” PAM 06-08**

Incoado expediente de contratación de tramitación urxente para a adxudicación por procedemento aberto, e forma de concurso para adquisición de vehículos industriais.

Dada conta do devandito expediente de contratación.

Visto:

- que por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28 de marzo de 2008, acordouse aprobar o expediente e iniciar a procedemento aberto de contratación, mediante a forma de concurso e tramitación urxente.
- o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas,
- o Certificado de existencia de crédito de 21 de abril de 2008
- os Informes de Secretaría e Intervención, de 21 de abril de 2.008

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

**Primeiro.-** Aproba-los Pregos de Cláusulas Administrativas particulares que rexirá o contrato, así como o de Prescricións Técnicas.

**Segundo.-** Aproba-lo expediente de contratación, aproba-lo gasto correspondente por importe de 58.000,00 €, con cargo á partida presupuestaria 432.62401 do orzamento municipal vixente e dispoñe-la apertura do procedemento aberto de adxudicación, convocando concurso para adquisición de vehículos industriais, con arranxo ós Prego de Cláusulas administrativas Particulares e Prescricións Técnicas.

**Terceiro.-** Cumpli-los demais trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno contrato.

### **4º.- SUBVENCIONES.-**

#### **4.1.- APROBACIÓN DO PLAN CONCERTADO DO EXERCICIO 2008, E DA**

## **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.**

Dase conta do Programa “Plan Concertado” para o exercicio 2008, polo importe de cento sesenta e oito mil cincocentos cincuenta e seis euros con cincuenta e catro céntimos (168.556,54 €), a solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Orde do 18 de marzo de 2008 (DOGA nº 60, do 28 de marzo de 2008), pola que se regulan as axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1.- Aproba-lo programa para o exercicio 2008, redactado polas traballadoras sociais do Concello, por importe de cento sesenta e oito mil cincocentos cincuenta e seis euros con cincuenta e catro céntimos (168.556,54 €), correspondendo o 80,00% da financiación á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (134.845,23 €) e o 20,00% restante á aportación municipal (33.711,31 €).

2.- Solicitar unha subvención á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar por importe de cento trinta e catro mil oitocentos cuarenta e cinco euros con vintetrés céntimos (134.845,23 €), para a execución do mencionado Plan.

3.- Por tratarse de prórroga acórdase continuar na prestación dos servizos nas mesmas condicións do ano anterior, para garanti-la non suspensión dos programas e prestacións dos servizos sociais.

4.- Dar conta ó Pleno da Corporación desta solicitude na vindeira sesión que este celebre.

4.2.- Escrito do Organismo Autónomo Local “Turismo Rías Baixas”, Rexistro de Entrada nº 1699, de data 08 de abril de 2008, remitindo acordo do Consello Reitor, correspondente a súa sesión do 25 de marzo de 2008, aprobando as xustificacións presentadas correspondentes a subvención denominada “Mellora de Oficinas de Turismo 2007”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

### **5º.- URBANISMO.-**

5.1.- Escrito do Servizo de Ambulancia 061 de Silleda, Rexistro de Entrada nº 1818, de data 11 de abril de 2008, no que expón que debidos ós problemas de estacionar o vehículo de emerxencias diante da base, sita na Avda. do Parque, nº 47-baixo (Silleda), o cal debe estar conectado a unha toma de corrente de 220V para garantir o bo funcionamento de tódolos aparatos, e debido o gran número de vehículos estacionados na mencionada rúa, solicita unha praza de aparcamento delimitada con pintura amarela e reservada para a ambulancia diante da mencionada base.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que emitan informe sobre esta solicitude.

**5.2.-** Escrito de D° Alberto Presas Cachafeiro, en representación da sociedade PRESBLAN, S.L., Rexistro de Entrada nº 1620, de data 04 de abril de 2008, solicitando o cambio de titularidade da licenza municipal nº 2079/06, que estase a tramitar a nome de D° Antonio Presas Matanzas para ampliación de explotación avícola de cebo, a situar nas fincas nº 1.025, 1.026, 1.027 e 1.030, polígono 9, na zona chamada A Veiga, parroquia de Parada (Silleda), e que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de setembro de 2007 concedeuselle a licenza de obra e provisional de actividade.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación presentada polo peticionario, entre a que se recolle escrito de conformidade da cesión de titularidade de D° Antonio Presas Matanzas e escritura de constitución da Sociedade, por unanimidade acorda conceder o cambio de titularidade da licenza municipal nº 2079/06, que estase a tramitar neste Concello, a favor da sociedade PRESBLAN, S.L.

**5.3.-** Escrito de D° José María Froiz Prieto, en representación de SUPERMERCADOS PRIETO FROIZ, S.A., Rexistro de Entrada nº 1625, de data 04 de abril de 2008, solicitando o cambio de titularidade da licenza municipal nº 2467/07, que estase a tramitar a nome de CHOUA DO MUIÑO, S.L. para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a supermercado, a situar na rúa Emilio Alonso Paz, nº 7-baixo (Silleda), e que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2007 informouse favorablemente e douse traslado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para seu informe previo á concesión da correspondente licenza.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación presentada polo peticionario, entre a que se recolle escrito de conformidade da cesión de titularidade de D° José Antonio Pena Fernández, en representación de CHOUA DO MUIÑO, S.L., coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade acorda conceder o cambio de titularidade da licenza municipal nº 2467/07, que estase a tramitar neste Concello, a favor de SUPERMERCADOS PRIETO FROIZ, S.A.

**5.4.-** Escrito de D° Juan Manuel Mourón Conde, Rexistro de Entrada nº 1674, de data 07 de abril de 2008, no que expón os problemas que atopa á hora de estacionar, entrar o saír do seu garaxe, debido a que as polas dos carballos que dar a rúa da Empanada (Bandeira), rozán os vehículos, polo que solicita se proceda a cortar as polas o longo da rúa, para evitar que se raíen os vehículos e que os mesmos invadan o carril contrario para evitalas, o que pode provocar un accidente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda informar ó solicitante que por parte do goberno procederase adoptar as medidas oportunas para solucionar o problema.

**5.5.-** Escrito de D° Antonio Colmeiro Pereiras, Rexistro de Entrada nº 1732, de data 09 de abril de 2008, no que expón que na parroquia de Lamela existe unha parcela sobrante (antigo camiño) ubicada entre as fincas na 1481 e 1483 do plano de Concentración Parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro. Que a propietaria da parcela nº 1481 procedeu a demolición dun tramo do ribazo da finca e o movemento de terras para practicar un acceso dende a citada



parcela; polo que solicita a comprobación dos feitos e se requira a propiedade da parcela 1481 a reposición do ribazo o seu estado orixinal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que emitan informe sobre os feitos expostos e no caso de confirmación dos mesmos se proceda a emitir informe técnico e xurídico.

**5.6.-** Escrito da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Rexistro de Entrada nº 1831, de data 14 de abril de 2008, notificando resolución mediante a cal se desestima o recurso de alzada U-2007/0198 interposto por Miguel Villar Costoyas, en nome e representación de “Porta de Sol Lamela S.L.” contra resolución do 9 de febreiro de 2006 dictada polo director xeral de Urbanismo, no expediente de autorización nº 05/149 no que se acorda denegar á empresa “Porta do Sol Lamela S.L.” a autorización previa á concesión da licenza municipal para a reforma e ampliación dun complexo rural para hotel rústico en Barravaite, parroquia de Lamela (Silleda); confirmando a resolución do 9 de febreiro de 2006.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

### **5.7.- Licencia de segregación/agrupación.**

**5.7.1.-** Dase conta da solicitude presentada por Dº Roberto Vales Lobato en representación de CONSTRUCCIONES ROBERTO VALES, S.L., con domicilio na rúa Angustín nº 1 de Sta. Cruz de Rivadulla (Vedra), Rexistro de Entrada nº 1457, de data 28 de marzo de 2.008, solicitando segregar en dúas partes unha parcela na que se atopa construída unha nave industrial, situada nas parcelas números 5 e 6 da mazá 8 do Parque Empresarial Área-33, no lugar da Mera (Silleda). (Estas parcelas foron unificadas nunha soa parcela e vendida como tal por Xestur Pontevedra, S.A. - esta aclaración é precisa pois nos planos da Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33 seguen aparecendo como dúas parcelas diferentes).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 07 de abril de 2.008, no que se sinala:

“1º Antecedentes:

*A) En data 20-abril-2006 a Xunta de Goberno Local deste Concello acorda conceder a don Roberto Vales Lobato en representación de Construcciones Roberto Vales S.L., licenza para “segregar en tres partes unha parcela (a 5 e a 6 da mazá 8, que foron unificadas nunha soa parcela e vendida como tal por Xestur Pontevedra, S.A.) Do parque empresarial Área-33 (Silleda)”*

*B) En data 05-maio-2006 a Xunta de Goberno Local deste Concello acorda conceder a don Roberto Vales Lobato en representación de Construcciones Roberto Vales S.L. licenza de obra para a “construcción de tres naves industriais (nun único volumen espacial, estrutural e estético) sen uso específico, nas parcelas 5 e 6 da mazá 8 (que foron unificadas nunha soa parcela e vendida como tal por Xestur Pontevedra,*

*S.A.) Do parque empresarial Área-33 (Silleda).*

*2º.- A parcela que se pretende segregar, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, presenta as seguintes condicións urbanísticas:*

- Clasificación do solo: SOLO URBANO INDUSTRIAL*
- Calificación do Solo: INDUSTRIAL*
- Ordenanza/Norma de aplicación: Normativa do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33 e modificación aprobada o día 07-marzo-2002.*

*3º.- Esta parcela e as naves, conforme á normativa vixente de Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33 son divisibles e non contradín o establecido na Sección 4ª, Artigo 204, da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002.*

*4º.- Según a licencia de segregación referenciada no punto 1º A) deste informe técnico a finca que se pretende segregar é a parcela C resultante de dita segregación.*

*5º.- No proxecto técnico presentado para a tramitación da presente segregación o técnico redactor do proxecto chámalle parcela 5 á parcela C da anterior segregación referenciada no punto 4º deste informe técnico. A superficie total de dita finca matriz é de 1.852,30 m2 e a nave que se construíu en dita parcela ten as seguintes características:*

- A superficie construída é de 1.227,40 m2.*
- A superficie ocupada da parcela pola construción é de 1.086,20 m2.*
- O número de plantas é de 2.*
- A superficie construída en planta terrea é de 1.086,10 m2.*
- A superficie construída en planta alta é de 141,30 m2.*
- A súa referencia rexistral é Rexistro da Propiedade de Lalín, Tomo 866, Libro 245, Folio 111, Finca 40.288*

*Os lindeiros da parcela son os seguintes:*

- Norte: Vial V.3 do parque empresarial.*
- Sur: Vial V.4 do parque empresarial*
- Este: Vial V.5 do parque empresarial*
- Oeste: Parcela B, resultante da anterior segregación (nave B), da parcela 5 e 6 da mazá nº 8 do parque empresarial.*

*6º.- Preténdese segregar en dúas partes a finca matriz e a nave, que quedarían do seguinte xeito:*

*a) Departamento A:*

- Superficie total parcela: 784,50 m2.*
- Superficie construída total: 500,90 m2.*

- Superficie construída planta terrea: 425,34 m<sup>2</sup>.
- Superficie construída planta alta: 75,56 m<sup>2</sup>.
- Superficie terreo exterior anexo: 359,16 m<sup>2</sup>.

*Os seus lindeiros son os seguintes:*

- Norte: Vial V.3 do parque empresarial.
- Sur: Departamento B resultante da segregación.
- Este: Vial V.5 do parque empresarial
- Oeste: Parcela 5-B.

*b) Departamento B:*

- Superficie total parcela: 1.067,80 m<sup>2</sup>.
- Superficie construída total: 726,50 m<sup>2</sup>.
- Superficie construída planta terrea: 660,76 m<sup>2</sup>.
- Superficie construída planta alta: 65,74 m<sup>2</sup>.
- Superficie terreo exterior anexo: 407,04 m<sup>2</sup>.

*Os seus lindeiros son os seguintes:*

- Norte: Departamento A resultante da segregación.
- Sur: Vial V.4 do parque empresarial.
- Este: Vial V.5 do parque empresarial
- Oeste: Parcela 5-B.

*As parcelas e as naves resultantes da segregación non contradín as condicións establecidas no Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33*

*O técnico que suscribe estima que deberíase solicitar ós interesados un acordo notarial para a autorización (entre os propietarios) do adosamento das naves resultantes da segregación.*

*Polo tanto non se aprecia inconveniente para o outorgamento da licenza de segregación solicitada, con suxección ás anteriores determinacións.”*

Por unanimidade acorda conceder a licenza de segregación solicitada, debendo previamente os interesados presentar un acordo notarial para a autorización (entre os propietarios) do adosamento das naves resultantes da segregación, para unir ó expediente.

## **5.8.- Actividades Clasificadas**

**5.8.1.-** Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> VIRTUDES SÁNCHEZ SÁNCHEZ, con domicilio a efectos de notificacións no lugar de Regalade, parroquia de Cortegada (Silleda), que solicita a regulamentaria licenza municipal para construción dun

silos forraxeiros, a situar na finca chamada Agro das Agras, nas proximidades do lugar de Regalade, parroquia de Cortegada (Silleda).

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de abril de 2.005, se concede licenzia provisional de actividade á licenzia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva.

Visto que, polo interesado se presenta certificación final de obras asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, D<sup>o</sup> Francisco Pérez Donsión, de data 14 de febreiro de 2008, (Rexistro de Entrada n<sup>o</sup> 993, de 26.02.08), visada polo Colexio profesional correspondente en data 19 de febreiro de 2008, n<sup>o</sup> 291/08.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 01 de abril de 2.008, acorda a concesión de licenzia de actividade a D<sup>a</sup> VIRTUDES SÁNCHEZ SÁNCHEZ, para construción dun silo forraxeiro, a situar na finca chamada Agro das Agras, nas proximidades do lugar de Regalade, parroquia de Cortegada (Silleda).

**5.9.-** Dase conta das alegacións presentadas en data 27 de marzo de 2.008, número de rexistro 1442, por D. Luis Alvarez Fernández, actuando en nome e representación de D. Manuel Meijome Tato, D. Antonio Fuentes Gómez, D. Ramón Silva Costoyas e Dona María Luisa Matos Fernández relativas ó expediente de reposición da legalidade da actividade extractiva realizada por Explotación Minera de Campomarzo S.A., no lugar de Campomarzo, parroquia de Abades, Silleda, por considerar que Explotación Minera de Campomarzo carece de licenzia municipal para o exercicio da súa actividade extractiva.

Comprobado o expediente de outorgamento de licenzia a EXPLOTACIÓN MINERA DE CAMPOMARZO S.A., consta que é titular dunha licenzia municipal outorgada pola Comisión de Goberno data 5 de xullo de 1.979 a Canteras y Manantiales de Silleda S.A., para explotación mineira na canteira titularidade da citada sociedade e ubicada no paraxe de Campomarzo, parroquia de Manduas, constando no expediente asimesmo a seguinte documentación previa:

- Solicitude de licenzia para o exercicio de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas por D. Manuel Bellido Neira, director de “Canteras y Manantiales e Silleda S.A”, para actividade de planta industrial, extracción e machaqueo de pedra en Campomarzo.
- Notificación do correspondente edicto ós veciños colindantes.
- Informes favorables á concesión da licenzia emitidos polo xefe local de Sanidade, polo aparelador municipal e polo pleno municipal de data 21 de decembro de 1978.
- Informe favorable da Comisión Provincial de Servizos Técnicos do Goberno Civil de Pontevedra, calificando a actividade como molesta, perigosa e insalubre.
- Decreto de alcaldía de 11 de xuño de 1979 de concesión provisional de licenzia municipal para planta industrial, extracción e machaqueo de pedra

- Carta de pago por autorización de apertura de planta de extracción e machaqueo de pedra en Campomarzo.

Comprobado asimesmo que a actividade extractiva se desenrola no paraxe de Campomarzo ó amparo da concesión mineira denominada “CUATRO AMIGOS” nº 1.861, outorgada con data 17 de xullo de 1.967, posteriormente consolidada por un prazo de noventa anos por resolución de data 15 de decembro de 1.977, para a explotación de serpentina nos terreos ubicados en tal paraxe, tratándose dunha explotación de recursos da sección C), para unha extensión determinada e concreta medida en cuadrículas mineiras completas.

Comprobado que desde data 23 de marzo de 1.987 , EXPLOTACIÓN MINERA DE CAMPOMARZO S.A. é titular da concesión, sin que desde entón se teña producido ningunha modificación no título da concesión, que mantén as características existentes desde o seu outorgamento, incluíndo dentro do seu perímetro o paraxe de Campomarzo e que a actividade extractiva obxecto deste expediente de reposición da legalidade se desenrola con arranxo ós sucesivos documentos aprobados pola Administración de Minas, que concretan as condicións en que debe de producirse o avance da canteira e o ámbito ó que se circunscribe o perímetro de explotación.

Visto o disposto no informe emitido polo enxeñeiro técnico agrícola D. Luis Angel Fernández Fernández, no que se determina que o ámbito no cal se está a desenvolver a actividade de extracción desenrolada ó abairo da concesión mineira “Cuatro Amigos” nº 1861, atópase dentro dos límites establecidos na concesión mineira, que é a que determina o ámbito de desenvolvemento da actividade extractiva, estando a licenza municipal vinculada o ámbito marcado por tal concesión.

Visto o disposto no informe sobre o dereito mineiro “Cuatro Amigos” nº 1.861 da titularidade da sociedade Explotación Minera de Campomarzo S.A., emitido pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria en data 9 de outubro de 2.007 e recibido en data 2 de novembro de 2.007, con número de rexistro 7091.

Visto que, o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal, dispón o seguinte:

1.- A actividade extractiva se desenrola en solo calificado polo PXOM de Silleda dentro da categoría de Solo Non Urbanizable, incluíndo a ordenanza do PXOM que resulta de aplicación (Ordenanza de Suelo No Urbanizable), entre os usos previstos, as “explotaciones de yacimientos petrográficos y mineralógicos”, e, en concreto, o definir esta categoría de solo o considera como un “espacio destinado preferentemente a la explotación directa del suelo, ya sea agrícola, forestal, pecuaria, así como a la explotación de yacimientos y extracción de tierras, rocas y minerales, así como las industrias relacionadas con las explotaciones citadas”.

2.- O exercicio das actividades extractivas, incluída a explotación mineira e as canteras, é un uso posible no solo calificado como rústico de protección ordinaria, tal e como resulta da aplicación dos artigos 33 e 36 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación Urbanística e Protección do medio Rural de Galicia.

Comprobado conforme a toda a documentación exposta que a actividade extractiva desenrolada por Explotación Minera Campomarzo S.A. cumple todas as exixencias legais e está amparada por licenza municipal e polas demais autorizacións e permisos legalmente esixibles.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Desestimar as alegacións presentadas por en data 27 de marzo de 2.008, número de rexistro 1442, por D. Luis Alvarez Fernández, actuando en nome e representación de D. Manuel Meijome Tato, D. Antonio Fuentes Gómez, D. Ramón Silva Costoyas e Dona María Luisa Matos Fernández, en relación co expediente de reposición á legalidade da actividade extractiva realizada por Explotación Minera de Campomarzo S.A. por considerarse, de conformidade coa documentación obrante no expediente, que a actividade extractiva desenrolada por Explotación Minera Campomarzo S.A. cumple todas as esixencias legais e está amparada por licenza municipal e polas demais autorizacións e permisos legalmente esixibles.

**SEGUNDO:** Resolver o expediente de reposición da legalidade iniciado respecto da actividade extractiva realizada por Explotación Minera de Campomarzo SA, no lugar de Campomarzo, parroquia de Abades, desta localidade, a favor de Explotación Mineira Campomarzo S.A., permitindo a continuación da súa actividade por estar amparada por licenza municipal e polas demais autorizacións e permisos legalmente esixibles.

**TERCEIRO:** Notificar ó presente acordo ós interesados e ó Xulgado Contencioso Adminitravo Nº 3 de Pontevedra.

## **6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**6.1.-** Escrito do Servizo de Benestar Social e Muller da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1739, de data 09 de abril de 2008, remitindo resolución aprobatoria de inclusión no Programa de Teleasistencia Domiciliaria de Dº Angel Espiño Matos, con domicilio na estrada Xeral, nº 24.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**6.2.-** Escrito do Servizo de Benestar Social e Muller da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1740, de data 09 de abril de 2008, dando traslado de resolución mediante a cal procédese a dar de baixa no programa de Teleasistencia Domiciliaria a Dª Consuelo Casal Fernández por cambio de circunstancias que levaran a solicitato.

A Xunta de Goberno Local que enterada deste escrito.

**6.3.-** Dase conta do informe da Asistentente Social, Dª Celia González Peteiro, de data 16 de abril de 2008, sobre a baixa no Servizo de Axuda a Domicilio de Dº Marcelino Novoa Fontao, por falecemento.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**6.4.-** Dase conta por parte da Concelleira de Servizos Sociais, do estado de habitabilidade da vivenda de D<sup>a</sup> Flora Blanco Rey, con domicilio en Lourás, nº 8 (Silleda) e as carencias da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda ceder en uso a D<sup>a</sup> Flora Blanco Rey a Televisión existente na Sala de Xunta así como a realización de obras de adecuación necesarias para o acceso de minusválidos no seu domicilio.

#### **7º.- INTERVENCIÓN.-**

**7.1.-** Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00016-08, de data 21 de abril de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 57.428,32 € (Relación en Anexo adxunto).

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,